



Concello do Porriño

## **BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS CON PREMIOS Á PARTICIPACIÓN NO ENTROIDO 2023**

A Concellería de Festas do Concello do Porriño convoca o tradicional desfile de comparsas, dentro do programa de actividades do Entroido 2023.

As presentes bases rexerán a concesión de premios as comparsas pola súa participación nos desfiles programados polo Concello do Porriño.

### **REQUISITOS XERAIS:**

Neste desfile poderán inscribirse todas aquelas comparsas constituídas legalmente como asociacións ou clubs sen ánimo de lucro.

#### **a) Participantes**

Poderán optar aos premios establecidos nas presentes bases todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 10 compoñentes, e poderán inscribirse en dúas modalidades:

- Infantil: ata 12 anos.
- Adultos: a partir de 13 anos en diante.

O maior número de compoñentes por idades definirá a clasificación da comparsa na categoría infantil ou adultos.

Cada asociación poderá presentar unha comparsa en cada unha das modalidades.

#### **b) Inscripcións e prazo**

As inscricións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello do Porriño no impreso normalizado para esta finalidade, e achegarán a seguinte documentación de carácter obrigatorio:

- Fotocopia do CIF da asociación
- Declaración responsable asinada polo presidente/a da Asociación de non ter débedas tributarias nin fronte á seguridade social.
- Certificado orixinal da conta bancaria da Asociación.
- Documentación dos vehículos para a participación nos desfiles:
  - Permiso de conducción
  - Permiso de circulación
  - Ficha técnica ITV vixente
  - Recibo do seguro vixente

#### **CONTINXENCIAS**

Aquelas comparsas que teñan dificultade coa presentación da tarxeta CIF ou documento de exención do IVE, terán que presentar o documento onde se reflexe que esas solicitudes están en trámite, e que se achegarán unha vez as teñan no seu poder.

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6LYA2AQ6PMBRTNA2L4Q9KZ36J | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello do Porriño

As asociacións participantes poderán inscribir as súas comparsas dende o 30 de xaneiro ata o 10 de febreiro de 2023 ambos incluídos. Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas, calquera que sexa a causa.

### c) Importe dos premios

A cantidade máxima destinada a premios de participación no Entroido establécese en **13.950 euros** con cargo ao vixente orzamento municipal.

O importe dos premios determinarase segundo o número de compoñentes da comparsa:

#### COMPARSAS DE ADULTOS E TAMÉN COMPARSAS INFANTÍS

- de 10 a 19 compoñentes..... 300,00 €
- de 20 a 39 compoñentes..... 550,00 €
- de 40 a 55 compoñentes ..... 850,00 €
- de 56 a 85 compoñentes ..... 1.000,00 €
- de 86 compoñentes en adiante ..... 1.200,00 €

O importe máximo establecido de **13.950 euros** repartirase ata acadar esta cifra e seguindo rigorosamente a orde de inscrición. Aquelas comparsas que desexen participar no Entroido fóra deste orzamento, poderán inscribirse pero sen opción ao premio por participación.

Si se dera o caso de cambios nas datas dos desfiles por motivos axenos á organización (climatoloxía...), aquelas comparsas que non desfilen nos días estipulados no cambio, recibirán como premio á participación a porcentaxe que lle corresponda segundo o día que desfilen, recibindo o 50% do premio si soamente desfilan un día.

### d) Orde de participación

Nos desfiles participarán en primeiro lugar as comparsas inscritas na categoría infantil seguidas das comparsas de adultos e segundo a orde de inscrición no concurso.

Cada comparsa deberá levar un cartel visible na súa parte frontal que indicará o seu nome e o número de compoñentes.

### e) Obrigas das comparsas

As comparsas que aspiren ao premio de participación teñen a obriga de estar inscritas e participar nos desfiles do sábado e do martes de Entroido; e no acompañamento do enterro da sardiña, o mércores de cinza. Aquelas comparsas que queiran participar fóra de prazo, non terán dereito ao premio.

### f) Percorrido nos desfiles

---

## Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6LYA2AQ8PMBRTNA2L4Q9KZ36J | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello do Porriño

Os desfiles terán lugar nas datas e horarios sinalados no programa de festas do Entroido.

- **Sábado:** ás 18 h., partirá da rúa Antonio Palacios (Instituto Pino Manso) desprazándose por Domingo Bueno, praza San Sebastián e rematará na praza Arquitecto A. Palacios.
- **Martes:** ás 18:30 h., partirá da praza de San Sebastián e rematará na praza Arquitecto A. Palacios.

Está totalmente prohibido o uso de animais, sprays ou petardos.

**Enterro da Sardiña:** as comparsas participarán no acompañamento da sardiña co seguinte percorrido: saída dende praza A. Antonio Palacios, continuando pola rúa Antonio Palacios, Domingo Bueno, baixando pola fonte de San Sebastián e seguindo por Manuel Rodríguez ata a praza A. Antonio Palacios de novo, onde se procederá á lectura do testamento. De seguido, rúa Peña e rematará preto do albergue de peregrinos (Paseo do Louro).

O velorio terá lugar na Praza A. Antonio Palacios (no caso de choiva o Concello asignará un novo espazo) en horario de 17 a 20 horas.

O testamento da sardiña será redactado polas comparsas pero sen carácter obrigatorio, tamén poderán participar os veciños e veciñas que así o desexen.

O testamento deberá presentarse no Centro Cultural Municipal (1º andar) en sobre pechado e dirixido á Concellería de Festas, dende o 30 de xaneiro ata o 10 de febreiro de 2023, ambos inclusive, en horario de 9 a 14 h.

**Estes percorridos e horarios poderán ser obxecto de variacións.**

### **g) Comité de observación e valoración de premios**

Haberá un comité de observación que será nomeado mediante resolución da Alcaldía e terá competencias para: a valoración das inscricións realizadas polas asociacións, cumprimento da documentación esixida segundo as presentes bases, desenvolvemento dos desfiles, descualificacións e asignación dos premios segundo o número de compoñentes, emitindo unha proposta de concesión de premios que será resolta por resolución de Alcaldía.

Este comité de observación estará formado por un número impar de membros, nomeado pola Concellería de Festas.

A participación supón a plena aceptación do disposto nas presentes bases e o incumprimento de calquera das cláusulas dará lugar á perda do dereito de optar aos premios de participación.

### **h) Publicidade**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6LYA2AQ8PMBRTNA2L4Q9KZ36J | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello do Porriño

As presentes bases serán publicadas a través dun anuncio nos medios de comunicación local, no taboleiro de anuncios municipal, na web do Concello do Porriño, e noutros medios de difusión que a Concellería de Festas dispoña, para xeral coñecemento.

**Documento asinado dixitalmente na marxe.**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 6LYA2AQ6PMBRTNA2L4Q9KZ36J | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4